

XLIII. *FUXIR*

Boas tardes. Hai un par de semanas, en chegando a Bruxelas logo das vacacións, abrín a maleta e saquei os libros que viaxaran comigo. Foi o azar, que tantas cousas move, quen fixo que o libro *Fuxir*, de Jean-Philippe Toussaint quedase por riba dos outros da pila e chamase por min para que estomballado no sofá aproveitara o tempo antes de ver chegada a hora da cea. Eu xa lera hai tempo, daquela no seu orixinal francés, unha outra obra do mesmo autor, *Le sale de Bain*, onde se conta a historia de alguén que decidiu trasladar a súa sala de estar e parte da súa biblioteca para o cuarto de baño, onde descansa placidamente na bañeira, circunstancia coa que hei confesar soñei en varias ocasións. Esperto, enténdese. Esa novela fíxome lembrar aquela de Banana Yoshimoto *Kitchen*, onde unha das personaxes decide que o mellor lugar para vivir é a cociña, sendo o ruído da neveira unha especie de melodía de berce. Tamén, aínda que de ben máis lonxe fixo acordar en min lembranza do Barón Rampante, de Italo Calvino, aquel cabaleiro entrañábel que decidira pasar a vida subido á unha árbore e nunca máis tocar terra.

Fuxir, o libro do que lles falo, volvendo ao rego do que saíra como electrón deslocalizado, vai precisamente diso, de perder pé, de non tocar terra, ou cando menos de vivir en movemento constante, sen deixar de ir dun lugar a outro, fuxindo dalgún xeito de responsabilidades e compromisos, deixándonos levar ás veces para que outros decidan por nós, ou imponendo o noso criterio irracional a unha parella que nos idolatra. Fala, en definitiva, da grandeza e da miseria do ser humano posmoderno, se me permiten o lugar común e a adopción dunha categoría cando menos discutíbel. A min, que xa me gustaran outros textos de Toussaint, *Fuxir* pareceume un libro magnífico, cun ritmo frenético e ao tempo mudábel, con escenas absolutamente devastadoras.

O libro é a historia dunhas vacacións en Shanghai que se converten nunha fuxida frenética pola propia Shanghai, dunha alucinante viaxe en tren, onde no medio da noite alguén chama dende Europa para comunicar unha morte e esta chamada interrompe o acto sexual que se estaba consumando nos

lavabos do tren, a fuxida continúa, agora por Beijing (antes Pequín), co protagonista levado da man duns acontecementos que non é quen de controlar e levado da man de alguén que o manipula e que non o deixa reaccionar. Daquela a narración dá un xiro e do frenesí da China, pásase á tranquilidade plácida da illa de Elba, xa saben, no Mediterráneo, en Italia, fronte a Livorno. O ritmo muda entón á descrición pausada da flora e a paisaxe, das rúas e as perspectivas que ofrecen do mar na distancia. Hai escenas magníficas –non en van Toussaint é tamén cineasta– como a dunha amazona vestida con traxe de equitación encabezando a comitiva no enterro do seu pai, atravesando Portoferraio, que vai a seguir: *“Marie estaba alí, dacabalo (...) levará o cabalo ao paso durante os doce quilómetros do traxecto, tirando da brida para retelo e impedindo que o coche fúnebre adiantase, obrigando ao chofer a ir atrás dela, co motor ao ralentí para non asustar ao animal, cruzando así as estradas da illa de Elba pola mañá con aquel longo coche fúnebre negro tras dela, o mar abaixo, calmo coma un prato baixo o sol escintilante.”* Esta escena –e outras– conseguen o que pedía Dickens aos escritores: fáganme ver.

Noticia queda dada de *Fuxir*, do escritor belga Jean-Philippe Toussaint, un novo acerto de tradución ao galego, nesa Biblioteca Compostela de Literatura Europea, unha aposta conxunta da Editorial Galaxia e do Concello de Compostela por achegar aos lectores de galego obras de relevo na narrativa europea actual, recuperando así, ou reinventando se se quere, a vocación europeísta e aberta das Letras galegas. Por certo, eu que tiven a oportunidade de comparar os dous textos, podo dicirlles que se trata dunha tradución magnífica.

Por hoxe máis nada, só o desexo reiterado como cada programa de que sexan felices e diferentes e que gocen coa lectura deste libro ou daqueles que lles sexan de gusto.

Bruxelas, 18-19 de agosto de 2007.